



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

**SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES
SECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS**

Convocatoria: PREM-LV/2024

Expediente: 2024000018814

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DOS PREMIOS DO VI PREMIO “LUÍSA VILLALTA” A PROXECTOS POLA IGUALDADE

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES:

1.- Por resolución da Presidencia número 22763, do 30 de maio de 2024, aprobáronse as bases do VI Premio “Luísa Villalta” a proxectos pola igualdade, publicadas no BOP número 107, do 4 de xuño de 2024.

2.- O xurado foi nomeado por resolución da Presidencia número 37078, do 19 de setembro de 2024.

3.- De conformidade coas bases sexta e sétima o xurado reuniuse o día 2 de outubro de 2024 e formulou a súa proposta, tal e como consta na acta correspondente que se achega ao expediente da convocatoria.

Á vista do contido da acta e logo dos informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar a concesión dos premios aos proxectos seguintes, polos importe que se indican:

Expediente	Expediente de pago	Solicitante	NIF	Proxecto	Importe premio
2024000029441	2024000038743	Sabela Losada Cortizas	***1074**	O próximo baile, será conmigo	12.500,00 €
2024000029572	2024000038751	Yarama África	F70576467	Ofuscadas polo vicio da razón	12.500,00 €
2024000029556	2024000038758	Asociacion Cultural da Cruña Alexandre Boveda	G15036981	Non calarás	12.500,00 €
2024000029146	2024000038795	Illa Bufarda, S.Coop.Galega	F70535943	Altas luces	12.500,00 €
2024000029438	2024000038797	Artyc Content, S.L.	B10742666	A historia vaxenial	12.500,00 €
2024000029571	2024000038802	Raquel García Crespo	***2797**	Punto en boca. Costura e teatro	12.500,00 €

Expediente	Expediente de pago	Solicitante	NIF	Proxecto	Importe premio
2024000029261	2024000038808	Colexio profesional xornalistas de Galicia	Q1500262I	As mulleres no xornalismo Galego:a crónica revelada	12.500,00 €
2024000029317	2024000038811	Mala Herba Productions, S.Coop.Galega Xuvenil	F67820159	A Clase	12.500,00 €

Segundo.- Imputar o gasto dos premios concedidos, que ascende a 100.000,00 €, á aplicación 0611/23122/481, documento contable A, operación número 220240034631 do Orzamento 2024.

Terceiro.- Aboar os premios concedidos, de acordo co disposto na base novena.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso- administrativo, perante o Xulgado do Contencioso- administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso- administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.